



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 31 DE

XULLO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día trinta e un de xullo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Faise constar que esta sesión se traslada ao día de hoxe por imposibilidade de asistencia do señor alcalde á sesión ordinaria do día trinta de xullo e coa conformidade de tódolos asistentes á sesión.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria, por delegación da secretaria xeral da Corporación, a técnica de xestión de administración xeral dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de xullo de 2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, acorda deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de xullo de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da Secretaria Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, rexistrado de entrada con data do día 24 de xullo de 2012, co número 10.320, no que comunica que, ao abeiro da Orde do 9 de maio de 2012 da citada consellería, pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2012. (DOG número 96, do 22 de maio de 2012), está previsto destinar un bolseiro/a ao arquivo municipal deste concello. A finalidade é organizar o arquivo e elaborar un inventario da súa documentación que se realizará e será accesible a través dun programa informático instalado nos equipos do concello. O inicio da formación retrasarase a setembro.

- Orde do 5 de xullo de 2012, da Consellería do Medio Rural e do Mar, pola que se modifica a Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos grupos de acción costeira para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar (financiada polo Fondo Europeo de Pesca). (Diario Oficial de Galicia número 143, de data do día 27 de xullo de 2012).

- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 141, de data do día 24 de xullo de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que están a ter serios problemas cos roubos de cables na iluminación pública. Sinala que o repoñen pero que deberían tomar medidas máis contundentes.

A continuación, informa que están a repintar toda a sinalización en Cambre. Eliminarán os reservados de vehículos autorizados que hai diante da Casa Consistorial, dado que non se están a utilizar.

O señor alcalde propón que se instale un poste sinalizando todo: cemiterio, campo de fútbol, centro de saúde, cámara agraria...

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que hai protestas en canto á sinalización de carga e descarga na parroquia do Temple, diante da farmacia, pois alegan que lles molesta para saír do garaxe. Continúa a dicir que non entende moi ben estas reticencias, porque a reserva ten un horario limitado e ademais, xa se aparca agora alí. Engade que tamén se colocarán bolardos nalgúns zonas para evitar que os vehículos aparquen nas beirarrúas.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que mediante Resolución da Alcaldía de data do día 31 de xullo de 2012 se nomeou funcionario interino para a praza de arquitecto a don José Ramón Díaz Barbeito, quen tomará posesión entre o día de hoxe e mañá.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro 4 de agosto actuará a Coral de Santa Maria de Cambre no local da Xuventude de Cecebre.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tamén informa que se fixo un cambio de datas en canto ao XIV festival de polifonía e habaneiras, o cal terá lugar o vindeiro venres, día 17 de agosto, ás 21.00 horas no auditorio do Parque da Igrexa.

A continuación, informa que dona Marta Maria Vázquez Golpe e el mesmo realizarán unha visita polos bares de Cambre, para os efectos de informarlles respecto dos vindeiros actos do "Rock in Cambre - Brincadeira".

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que visitará o taller de cerámica de APEM (Asociación Pro Enfermos Mentales), con fin de buscar ideas para os agasallos institucionais.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que hoxe remata a primeiro mes dos campamentos, con grande éxito pois sinala que os pais están moi contentos. Engade que mañá se entregarán os diplomas correspondentes.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que mañá comezan tres cursos do Plan AFD, acción de formación para desempregados, dous deles correspondentes á atención sociosanitaria a persoas dependentes en domicilio e o outro de montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas.

En canto ao tema da contratación dun orientador laboral, informa que están á espera de resolución oficial.

Para finalizar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa respecto do plan de cooperación e convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Xunta de Galicia, para contratar persoal, entre 250 e 320 persoas en toda a provincia. Sinala que se trata dun plan da Xunta de Galicia que delega na Deputación provincial e esta presta o persoal entre os concellos, aos que avisa previamente para ter claro qué tipo de tarefas se lles encomenda e engade que se contratarán por un período determinado de tempo.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que dentro do programa das bolsas para deportistas de Cambre, a beneficiaria dona Sofía Toro pasa á segunda fase de vela nos Xogos Olímpicos Londres 2012.

A continuación, informa respecto de diferentes actos que terán lugar nos vindeiros días con motivo das festas parroquias de Cambre, entre os que destaca os seguintes:

- o mércores, día 15 de agosto, terá lugar o XXIII maratón popular, ás 11.00, un circuito en torno ao río Mero. Engade que asistirá o señor alcalde. Este mesmo día terá lugar o XL torneo de fútbol Concello de Cambre.

- o sábado, día 18 de agosto, terá lugar o I torneo Concello de Cambre de tiro con arco, ás 10.00 horas no campo municipal de fútbol Dani Mallo. Tamén se vai celebrar este día o XXVIII torneo municipal de chave ás 17.30 horas no complexo deportivo Lendoiro, A Barcala.

- o sábado, día 25 de agosto, terá lugar o torneo municipal de xadrez.


Para finalizar, don Fernando Caride Suárez informa que o pasado sábado, día 28 de xullo, tivo lugar, con grande éxito, a primeira carreira ciclista no polígono do Espírito Santo, e gañou un corredor do Club Ciclista de Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad



A secretaria

Verónica María Otero López